EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

EXERCICIO 1

Fai un comentario do seguinte esquema relacionado coa globalización.



EXERCICIO 2

Fai un comentario das seguintes táboas sobre a localización das principais empresas multinacionais.

LOCALIZACIÓN DAS 100 PRIMEIRAS EMPRESAS

Países	2005	2006
UNIÓN EUROPEA	46	43
EE_UU	33	36
Alemaña	14	12
Francia	11	9
Reino Unido	10	9
Xapón	9	8
Países Baixos	4	4
Suiza	4	4
Corea do Sur	3	4
Italia	3	4
China	3	3
España	2	3
Bélxica	2	2
Brasil	1	1
México	1	1
TOTAL	**100**	**100**

100 EMPRESAS MÁIS GRANDES DO MUNDO (2006)

Sectores	Nº de empresas
Banca	19
Petróleo e química	17
Automóbil	11
Electrónica	7
Telecomunicacións	7
Aseguradoras	6
Seguros vida/médicos	6
Alimentación	4
Inversores de bolsa	3
Venda de farmacia	3
Cadeas comerciais	2
Mensaxería	2
Distribución enerxética	4
Equipos de oficina	2
Minorista	2
Tabaqueiras	2
Aeroespacial e armamento	1
Cosmética	1
Metalúrxica	1
TOTAL	**100**

EXERCICIO 3

Comenta a seguinte táboa.

Características	ETIOPÍA	BOLIVIA	ESPAÑA
Superficie (Km^2)	1.127.127	1.098.591	505.000
Poboación (habitantes)	73.053.286	10.027.644	46.157.822
Taxa de natalidade (‰)	44	32	10
Taxa de mortalidade (‰)	15	9	9
Crecemento vexetativo (‰)	19	23	1
Mortalidade infantil (‰)	97	63	5
Esperanza de vida (anos)	46	60	79
Poboación menor de 14 anos (%)	47	40	14,4
PIB por habitante ($)	1.370	1.656	31.471
Posto no Índice do Desenvolvemento Humano (IDH)	169º	103º	15º

EXERCICIO 4

Sinala os aspectos positivos e negativos que consideras que ten a globalización.

CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN		
ASPECTOS	**POSITIVOS**	**NEGATIVOS**
ECONÓMICO		
POLÍTICO		
SOCIAL		
CULTURAL		
AMBIENTAL		
INTERNACIO-NAL		

EXERCICIO 5

Comenta os datos das seguintes táboas relacionadas coa superficie e poboación da UE.





EXERCICIO 6

Completa o seguinte cadro sobre o proceso de ampliación da UE. Sinala no mapa os países membros da UE na actualidade.

1948	
1951-1957	
1973	
1981	
1986	
1990	
1995	
2004	
2007	
Países candidatos	



EXERCICIO 7

Completa o seguinte táboa sobre as institucións fundamentais da Unión Europea.

Institucións	Composición	Funcións	Sede
Consello Europeo			

Consello da UE			
Comisión			
Parlamento			
Tribunal de xustiza			

RESPOSTAS

Exercicio 1

No gráfico aparece representada as relacións de centro e periferia que se establecen no mundo actual no contexto da denominada globalización. O centro está ocupado por países da Europa Occidental, Estados Unidos, Canadá, Xapón, Australia e Nova Zelandia. A periferia está representada por países do hemisferio sur pertencentes fundamentalmente a África sobre todo da área Subsahariana. Nun chanzo intermedio estarían os países situados na área latinoamericana, Asia Meridional e Oriental e países africanos como os que están na área mediterránea. Observase que hai unhas relacións de intercambio desigual que afectan ao movemento demográfico, aos intercambios comerciais, as decisións políticas e militares e, por último, ao relacionado cos aspectos financeiros e tecnolóxicos.

En relación aos movementos demográficos observamos como os países situados nas áreas periféricas e semiperiféricas desprázanse cara o centro económico mundial. Trátase de man de obra pouco formada que cubrirá aqueles postos de menos cualificación no chamado primeiro mundo (actividades agrarias, construción, hostalería e servizos domésticos). Por outro lado observamos que hai un desprazamento de poboación do centro cara a periferia. Este pode ser de carácter temporal (períodos vacacionais e de lecer) cara áreas turísticas moi apreciadas (o Caribe ou o Índico) por exemplo) ou desprazamentos permanentes por motivos económicos ou laborais (a deslocalización de actividades industriais sobre todo para países en vías de desenvolvemento situados en Latinoamérica ou Asia conleva o desprazamento de cadros técnicos cualificados que dirixen a produción destas factorías).

No aspecto comercial observamos como o chamado terceiro mundo ou a periferia aporta materias primas, fontes de enerxías (que teñen pouco valor engadido) cara aos países desenvoltos. Tamén se sitúan as empresas industriais que teñen menor complexidade tecnolóxica (deslocalización de sectores como o téxtil) que aportan manufacturas simples. Aquelas manufacturas dun alto valor engadido (compoñentes robóticos, aparatos eléctricos de alta tecnoloxía...) seguen elaborándose nos parques tecnolóxicos dos países máis desenvoltos e expórtanse cara as áreas menos desenvoltas do mundo xerando un intercambio desigual.

As empresas multinacionais e os países desenvolvidos invisten e prestan capital para o suposto desenvolvemento dos países da periferia. Estes a cambio teñen que pagar intereses e quedan en situación de débeda con respecto ao primeiro mundo.

Por último as grandes superpotencias toman decisións políticas e militares no ámbito estratéxico que afectan de forma bastante negativa aos países situados na periferia.

Exercicio 2

Nas táboas observamos a localización das 100 principais empresas do mundo. Na primeira táboa aparece a localización xeográfica da súa sede principal e na seguinte observamos a que sector da economía pertence.

Os datos da primeira táboa establecen que as principais empresas (a inmensa maioría multinacionais) localizábanse no 2006 no denominado centro económico ou países desenvolvidos eran o 91% do total (o 43% concéntrase nos países da UE, o 36% en EE_UU, 8% en Xapón e o 4% en Suíza). Nos países emerxentes (principalmente Corea e China e en menor medida Brasil e México) concentrábanse o resto (9%). A conclusión que sacamos é clara: a toma de decisións económicas está

nos países desenvoltos. Observando os datos máis polo miúdo podemos ver como a Unión Europea e en menor medida o Xapón están perdendo peso en relación aos

EE_UU e os denominados países emerxentes (fundamentalmente os denominados (dragóns asiáticos: Corea, China...).

Na táboa relativa aos sectores destacan principalmente a Banca, a petroquímica e o automóbil, seguidos da electrónica e as telecomunicacións, como as principais actividades máis dinámicas.

Exercicio 3

A táboa representa unha serie de aspectos demográficos (principalmente), económicos e de desenvolvemento humano de tres países que están situados en distintas áreas socioeconómicas do planeta o centro desenvolto: España, a semiperifera en vías de desenvolvemento: Bolivia e a periferia ou mundo subdesenvolvido: Etiopía.

Se observamos os datos da taxa de natalidade vemos que esta é moi alta en Etiopía, alta en Bolivia e moi baixa en España. Paradoxicamente as áreas con maior subdesenvolvemento do planeta son aquelas que teñen maiores taxas e as áreas máis desenvoltas as que menos. En relación a taxa de mortalidade os valores máis altos danse en Etiopía (aínda así os datos non son moi contrastados con respecto a Bolivia e España que teñen valores similares). Os datos relativos á mortalidade xeral non son útiles para comparar, teríamos que ver as causas da mortalidade. Pero se observamos a mortalidade infantil, é dicir, os nenos que morren sen chegar a ter o ano de vida observamos que os contrastes son moi significativos estes son altísimos en Etiopía, altos en Bolivia e moi baixos en España. Os avances sanitarios en cada un destes países é moi diferente.

O crecemento natural ou vexetativo (diferencia entre os nacementos e mortes) é moi alto, tanto en Bolivia como en Etiopía) en cambio en España tende ao crecemento cero (ao igual que os países do seu entorno). Isto provoca o crecemento demográfico da poboación do terceiro mundo sexa cada vez maior. Observamos tamén que a poboación etíope é moi xove (case a metade da poboación ten menos de 14 anos) e a este dato aproxímase Bolivia (40%). O contraste o volve a dar España (menos do 15% da poboación ten menos de 14 anos) polo que predomina os segmentos de poboación madura e vella que progresivamente van medrando por dous factores (o descenso da natalidade e o incremento da esperanza de vida). Dato que pode mos observar na táboa (mentres a esperanza de vida en España é de 79 anos, en Etiopía e algo máis da metade de España). Bolivia queda nunha situación a medio camiño (60 anos).

Temos que observar, dende o punto de vista económico, que a renda per cápita é moi alta en España en comparación aos outros dous países.

O último dato fai referencia ao Índice de Desenvolvemento Humano. Este índice o elabora anualmente o PNUD, organismo dependente de Nacións Unidas que traballa polo desenvolvemento. O IDH calcúlase tendo en conta tres variables: sanidade, educación e nivel económico. Mentres España ocupa unha posición moi alta (decimo quinto lugar) o valor de Bolivia e medio (103º) e o valor de Etiopía, igual que os países do África subsahariano é moi baixo (169º).

Exercicio 4

CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN		
ASPECTOS	**POSITIVOS**	**NEGATIVOS**
ECONÓMICO	Máis mercados. Máis comercio. Máis competencia. Posibilidades de negocio	Máis peso das empresas multinacionais Fronte as empresas nacionais e pequenas e medianas empresas. Tendencia á creación de oligopolios e monopolios.
POLÍTICO	Difusión da liberdade. Da democracia. Igualdade de xénero	Perda de soberanía dos Estados a favor das Institucións Supranacionais. Das grandes potencias. Empresas multinacionais. Inestabilidade política nalgunhas rexións onde aparecen gobernos extremistas como reacción á forma occidental de facer política.
SOCIAL	Mellora no nivel de vida. Oportunidades de emprego. Facilita a mobilidade. Difusión dos avances médicos e sanitarios.	Flexibilidade laboral. Inestabilidade laboral. Descenso do salario. Grandes movementos migratorios entre países pobres e ricos. Difusión das grandes pandemias. Difusión das grandes redes de delincuencia internacional (mafias, narcotráfico, terrorismo)
CULTURAL	Difusión da ciencia, tecnoloxía, da cultura.	Perda da identidade cultural de certos pobos. Improsición da cultura occidental anglosaxona.
AMBIENTAL	Sensibilidade de conciencia global ante os problemas ecolóxicos. Aproveitamento sostible.	Crise ecolóxica ou medioambiental .
INTERNACIO-NAL	Integración mundial.	División internacional do traballo. Desigualdade entre espazos e rexións xeográficas (rexións dinámicas que se converten en rexións centrais dominantes) e periféricas.

Exercicio 5

As gráficas de barras sobre a superficie e poboación dos países da UE danos a seguinte información:

Os países da Unión Europea non son moi extensos (países cun tamaño intermedio como Francia e España que ocupan o primeiro e segundo lugar en extensión) e unha maioría de países pequenos ou moi pequenos que teñen menos de 100.000 km^2 (17 dos 27 países comunitarios. Países como Chipre, Luxemburgo ou Malta teñen menos de 1000 km^2). Aínda así se sumasemos a extensión de tódolos países ocuparía a sétima posición mundial (4.300.000 km^2), por detrás de Rusia, Canadá, Estados Unidos, China, Brasil e Australia.

En canto a poboación a Unión Europea (sumando a poboación de tódolos países que a compoñen) é a terceira potencia demográfica despois de China e a India

(que lle sacan unha distancia considerable 1.300 millóns, 1.100 e 497 respectivamente). Se tomasemos en consideración o número de habitantes por países predominan os de tamaño medio e pequeno (Alemaña é o país máis grande con case

83 millóns de habitantes seguido de Francia, Reino Unido, Italia. España ocupa a quinta posición). Aínda así é unha das áreas máis densamente poboadas do planeta.

Exercicio 6

1948	**BENELUX** (antecedente da futura Unión Europea: unión aduaneira entre Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo)
1951-1957	**Países fundadores:** Bélxica, Países Baixos, Luxemburgo, Italia, Francia e RFA. **(Europa dos Seis**)
1973	**1ª ampliación**: Reino Unido, Irlanda e Dinamarca. (**Europa dos Nove**)
1981	**2ª ampliación**: Grecia. (**Europa dos Dez**)
1986	**3ª ampliación**: España e Portugal. (**Europa dos Doce**)
1990	**Alemaña unificada** (incorporación República Democrática Alemana
1995	Austria, Suecia e Finlandia. (**Europa dos Quince**)
2004	Letonia, Estonia, Lituania, Polonia, R. Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Chipre e Malta (**Europa dos 25**)
2007	Rumanía e Bulgaria (**Europa dos 27**)
Países candidatos	Actualmente: Croacia, Macedonia e Turquía.

Exercicio 7

Institucións	Composición	Funcións	Sede
Consello Europeo	Xefes do Estado ou presidente do Goberno e presidente da Comisión.	Impulsar o desenvolvemento da Unión Europea e definir as súas orientacións políticas e económicas xerais.	Carácter itinerante reunións nalgunha cidade dun país que estea a exercer a presidencia.
Consello da UE	Formado polos ministros de Asuntos Exteriores de cada país ou polo ministro do tema a tratar. As decisións tómanse por maioría cualificada (exercendo o voto ponderado) ou unanimidade.	Aprobar leis europeas en común co Parlamento Europeo (codecisión). Coordinar as políticas económicas xerais dos Estados membros. Concluír acordos internacionais entre a UE e outros países ou organizacións internacionais. Aprobar o orzamento da UE, xunto co Parlamento. Desenvolver a Política Exterior e de Seguridade Común da UE (PESC, véxase Política Exterior e de Seguridade Común), baseándose nas directrices decididas polo Consello Europeo. Coordinar a cooperación entre os tribunais nacionais e a policía en materia penal.	Bruxelas.

Comisión	Composta por un comisario especializado nalgunha das áreas de xestión da UE. Na actualidade hai un por cada país. O tratado de Lisboa pretende reformar isto reducindo o seu número.	Propor lexislación ao Parlamento e ao Consello. Xestionar e aplicar as políticas da UE e o orzamento (control dos fondos europeos). Facer cumprir a lexislación europea (xunto co Tribunal de Xustiza). Representar á UE nos foros internacionais, por exemplo, negociando acordos entre a UE e outros países.	Bruxelas.
Parlamento	736 deputados (751 co tratado de Lisboa) elixidos mediante sufraxio universal por un período de cinco anos.	Aprobar a lexislación proposta pola Comisión Aprobar o orzamento. Control do Consello de Ministros e a Comisión (recibe informes das súas actuacións e pode proponerlle mocións de censura á Comisión que, de aprobarse obrigaríana a dimitir. Ratifica os acordos internacionais importantes.	Pleno en Estrasburgo. Comisións: Bruxelas. Adminsitración en Luxemburgo.
Tribunal de xustiza	27 xuíces (un por cada país por un período de seis anos) e nove avogados.	Resolve os recursos e conflitos e interpreta os Tratados comunitarios.	Luxemburgo.